



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 26 de decembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:00 h.

HORA DE REMATE: 19:45 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

1.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

1.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.



Concello de Cangas

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen



Concello de Cangas

na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.163.- A S.T.S., con enderezo a efectos de notificacións en lugar Piñeiro, nº 53-Darbo, para en rúa Nova, nº 1-Cangas, regulado pola ordenanza do PEPRI, realizar unha reforma de 35,68 m²., de planta baixa, 38,07 m²., de primeiro andar e ampliar 35,68 m²., de segundo andar e 35,68 m² de aproveitamento Baixo cuberta de edificación existente (Referencia catastral 8093013NG1789S0001LP), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto J.L.D.G. de data setembro de 2016 e planos modificados do proxecto 05-07-09 e 11 para completar e adaptar a composición da fachada incorporados ao expediente o 20 de outubro de 2016, o presuposto de execución material da obra ascende a sesenta e nove mil douscentos sesenta e cinco euros (69.265,00 €).

Condicionado a presentar proxecto de execución de obras visado, así como autorización de ocupación de vía pública de ser preciso e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Na execución das obras deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI.

EXPEDIENTE Nº 26.215.- A A.C.A., con enderezo a efectos de notificacións en Avda. de Vigo, nº 10-5ºC- Cangas, para en rúa Benigno Soage, nº 23-Cangas, regulado pola ordenanza do PEPRI, realizar unha reforma de 52,00 m²., de planta baixa, 53,00 m²., de primeiro andar e ampliar 53,00 m²., de segundo andar e 50,00 m²., de aproveitamento baixo cuberta de edificación existente (Referencia catastral 7993206NG1779S0001ZY), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto F.B.P. de data outubro de 2016 e documentación complementaria de data 15 de decembro de 2016 o presuposto de execución material da obra ascende a cento un mil cento oitenta e catro euros (101.184,00 €).

Condicionado a presentar proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección de obra e de execución destas, así como autorización de ocupación de vía pública de ser preciso e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Na execución das obras deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI.



Concello de Cangas

1.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 19.931.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JOSE GUERRA BAQUEIRO E M.G.R.M.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 19 de decembro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J.G.B. e M.G.R.M., con enderezo en Rúa Gamboa, nº 4-3ºX-Vigo, para vivenda sita en Baixada a Nerga, nº 87, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 19.532.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 23.853.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A.I.P.V.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 19 de decembro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a A.I.P.V., con enderezo en rúa A Graña, s/n-A Pedreira-Coiro, para vivenda, sita na Graña, s/n-A Pedreira-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.006.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

1.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 17.980.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA MUNICIPAL Nº 17.817.- Transcorrido sobradamente o prazo de execución das obras abeiradas na referida licenza e despois do trámite de audiencia ao interesado, notificado con data 31 de outubro de 2016, sen que presentara alegación ningunha, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 17.817 concedida a favor de A.D.A., figurando actualmente como novo propietario e interesado L.R.R. e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo de remate das obras estipulado, constatado o incumprimento dos prazos previstos legalmente para o remate das obras, de conformidade co establecido no artigo 145 de Lei 2/2016, de 10 de febreiro.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto esta non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado para os efectos oportunos e dar traslado deste ao Servizo de Inspección Urbanística, co fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e en relación coas actuacións non abeiradas por licenza.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 26.081.- A M.J.H., para montaxe caseta prefabricada desmontable de madeira no lugar Camiño da Fonte, nº 1-Gandón- Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.096.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SALGUEIRÓN, 2, para limpeza e impermeabilización de fachadas de edificación existente en rúa Arrecife, nº 12-C-D-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.225.- A MANUXI CANGAS SL, para reparación de fachada de edificación sita en rúa Real, 30.

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.704/14.- A NEUMÁTICOS Y MANTENIMIENTO SL, para ampliación de comunicación previa concedida en decembro de 2014 a cambio de pneumáticos e mecánica rápida en local sito en rúa Seixo, nº 2-Cangas.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

3.A) PROPOSTA DE BAIXA NO SAF



Concello de Cangas

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 22.12.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse os informes correspondentes para:

** Baixa do Servizo de Axuda a Domicilio a M.A., beneficiario pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/001801-VI0000044662".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

3.B) PROPOSTA DE BAIXA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.12.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse os informes correspondentes para:

** Baixa do Servizo de Axuda a Domicilio a E.A.L. pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/000224-PO/OO16007 por renuncia tácita".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL XANTAR NA CASA

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 22.12.2016, relativa ao Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"Con relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Baixa no Servizo a E.A.L., con expediente nº 36008/01/000224".*



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZO SOCIAIS S/AXUDAS DE EMERXENCIA

5.A) CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.12.2016, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de douscentos euros (200,00 €) a R.G.C."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5.B) CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, do día 22.12.2016, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.P.R., e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de seiscentos sete euros con seis céntimos (607,06 €)"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5.C) CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, do día 23.12.2016, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:



Concello de Cangas

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por F.B.L.G., e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de seiscentos sete euros con corenta e cinco céntimos (607,45 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5.D) CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, do día 23.12.2016, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por C.S.B., e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de seiscentos corenta e nove euros con trinta e oito céntimos (649,38 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5.E) CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, do día 23.12.2016, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.R.M.A., e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de trescentos euros (300,00 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.



Concello de Cangas

CONTRATACIÓN

6º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS

Vista a proposta da Alcaldía do día 21.12.2016 para a adxudicación do contrato de servizo de telecomunicacións do Concello de Cangas, que é como segue:

"ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do servizo de telecomunicacións do Concello de Cangas.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil VODAFONE ESPAÑA SAU, con NIF nº A80907397, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 17955 do día 20.12.2016) a documentación relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, acreditación da solvencia financeira e técnica e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de seis mil cento noventa e seis euros con corenta céntimos (6.196,40 €) en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa VODAFONE ESPAÑA SAU, con NIF nº A80907397, o contrato de servizo de telecomunicacións por importe anual de trinta e sete mil catrocentos oitenta e oito euros con vinte e dous céntimos (37.488,22 €) IVE incluído.

Segundo.- A duración deste contrato é de 4 anos, desde o 01.01.2017 ata o 31.12.2020, independentemente da data de formalización deste.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 912/22200 e 920/22200 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a VODAFONE ESPAÑA SAU a adxudicación do contrato e citar aos seus representantes para a sinatura deste.



Concello de Cangas

Quinto.- Nomear responsable do contrato ao empregado municipal A.S.M., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como ao responsable do contrato”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de servizo de telecomunicacións do Concello de Cangas.

7º.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO COMITÉ DE EXPERTOS RESPONSABLES DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “REDACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS”

Dáse conta de proposta do día 16.12.2016 do concelleiro de Facenda e Urbanismo, referente a designación de membros de comité de expertos responsables da valoración dos criterios de adxudicación non avaliáveis mediante fórmulas no expediente de contratación da “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cangas”, que é como segue:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA E URBANISMO

Visto o expediente 16/04, tramitado para a adxudicación do contrato de “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cangas”.

Vista a cláusula 12. do prego de cláusulas administrativas particulares que establece os criterios de adxudicación do contrato, atribuíndo aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor unha ponderación superior á correspondente aos criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas.

De conformidade cos artigos 150.2 e 160 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do



Concello de Cangas

sector público, que establece que na situación indicada deberá constituírse un comité que conte cun mínimo de tres membros, formado por expertos non integrados no órgano propoñente do contrato e con cualificación apropiada, ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

Considerando que se pediu asesoramento á Xunta de Galicia para o nomeamento dos técnicos apropiados para formar parte do devandito comité de expertos.

Propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- De acordo co establecido artigos 150.2 e 160 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, nomear os seguintes membros que han de constituír o comité de expertos encargado da valoración das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor no expediente de contratación da 'Redacción do plan xeral de ordenación Municipal do Concello de Cangas':

- Carmen Gómez Manzano. Xefa provincial de Urbanismo en Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

- José Luis Alvarez Vicente. Arquitecto do Servizo de Coordinación e Información Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

- Teresa Nieto Freire. Arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Nomear coma suplentes aos seguintes membros:

- Ricardo Noo Fuentes. Xefe do Servizo de Ordenación Territorial da Xunta de Galicia.

- Marcos Pérez Gulín. Presidente da Fundación Galicia Sostible.

Segundo.- Notificar a presente resolución ás persoas que integran o Comité de Expertos para a valoración das ofertas do contrato mencionado, para os efectos oportunos.

Terceiro.- Publicar este nomeamento no perfil do contratante, con carácter previo á apertura do sobre A".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a transcrita do concelleiro de Facenda e Urbanismo, referente a designación de membros de comité de expertos responsables da valoración dos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante fórmulas no expediente de contratación da "Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cangas".

SUBVENCIONS

8º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, PARA GASTOS FARMACÉUTICOS E FAMILIAS CON MENORES-2017

Visto o escrito de data 13.12.2016 da Dirección Xeral de Inclusión Social dependente da Consellería e Política Social, no que se indica que de conformidade coa Orde do 12 de agosto de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos e se procede a súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG nº 161 do 26 de agosto de 2016), se concede ao Concello de Cangas unha axuda para gastos farmacéuticos para familias con menores, por importe de vinte mil oitocentos euros (20.800,00 €) para a anualidade 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada e aceptar a concesión de axuda da Dirección Xeral de Inclusión Social, para gastos farmacéuticos para familias con menores, por importe de vinte mil oitocentos euros (20.800,00 €) para a anualidade 2017.

9º.- APROBACIÓN ACTA DE RECEPCIÓN DA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NA AVDA. DE CASTELAO E EUGENIO SEQUEIROS

Dáse conta de acta de recepción da obra de "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA EUGENIO SEQUEIROS E AVDA. MONTERO RÍOS", que é como segue:

"ACTA DE RECEPCIÓN

EXPEDIENTE: C-6/2016

CONTRATO: 'Subministración de material para substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos'



Concello de Cangas

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: Xunta de Goberno Local

DATA ADXUDICACIÓN: 9.08.2016

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: 10.08.2016

ADXUDICATARIO: SIELVIGO SL

NIF nº: B36823227

Reunidos en Cangas o día 11.08.2016 os abaixo firmantes proceden a unha inspección ocular do material subministrado obxecto do citado contrato e atopándoos conforme co requirido nos pregos, acórdase dar por verificada a RECEPCIÓN da subministración, quedando o contratista obrigado durante o prazo de garantía, a reparar calquera defecto que puidera aparecer e que non se puxera de manifesto neste acto".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a acta de recepción da obra de "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA EUGENIO SEQUEIROS E AVDA. MONTERO RÍOS".

PERSOAL

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CANGAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DO 2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 22.12.2016, referente á Oferta de Emprego Público do Concello de Cangas, correspondente ao exercicio do ano 2016, que é como segue:

"PROPOSTA DO ALCALDE RELATIVA Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CANGAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DO 2016

Aprobado definitivamente o orzamento deste Concello para o ano 2016 polo Concello Pleno en sesión de data 5/02/2016.

Visto que no citado orzamento figuran vacantes e dotadas orzamentariamente as prazas que de seguido se relacionan.

Vista a necesidade de acometer con carácter urxente a cobertura en propiedade de dúas prazas de oficiais da policía local, procede aprobar a Oferta de Emprego Público do ano 2016, de tal xeito que se posibilite que á maior brevidade se convoquen estas, tratándose de prazas que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.



Concello de Cangas

Considerando que a competencia para aprobar a presente oferta de emprego público, se ben en principio pertence á Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, foi delegada por esta á Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de data 02.07.2015.

Vistos os informes emitidos unidos ao expediente, así como o disposto nos artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 70 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría de data 19.12.2016, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego de persoal deste Concello para o ano 2016 que de seguido se reproduce e que contén as prazas vacantes reservadas a funcionarios que se considera imprescindible cubrir con carácter inaprazable e que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existente.

PERSOAL FUNCIONARIO

GRUPO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	Nº VACANTES
C1	Oficial Policía Local	Esc. Admón. Especial. Subesc. Serv.especiais	2

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á Oferta de Emprego Público do Concello de Cangas, correspondente ao exercicio do ano 2016

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE N° 54 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS



Concello de Cangas

Dáse conta de proposta do día 21.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión efectiva de posto de venda de peixe, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 54 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 05/12/2016 foi autorizada a transmisión do posto de peixe nº 54 da Praza de Abastos solicitada por escrito de rexistro de entrada nº 15280 de 10.11.2016 por M.C.S.L. e A.F.S., con enderezo a efectos de notificacións en Daríns-O Espírito Santo, nº 22.

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior ás interesadas, estas dentro do período previsto regulamentariamente a tal efecto comunican que a transmisión se fixo efectiva mediante escrito de data 19.12.2016 con rexistro de entrada nº 17807.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

' (...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.'

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto á duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.



Concello de Cangas

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 54 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular M.C.S.L., a favor de A.F.S.

SEGUNDO.- Declarar que A.F.S., ten adquirida a concesión do posto de peixe nº 54 da Praza de Abastos sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión efectiva de posto de venda de peixe.

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/BAIXA DE POSTO NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Dáse conta de proposta de data 21.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a baixa de posto na Praza de Abastos Municipal, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por escrito con rexistro de entrada nº 17892 do 19.12.2016 J.G.C. solicitou a baixa do posto de carnicería nº 16 do Mercado Municipal de Abastos.

Visto que entre as causas de finalización previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº9156 do 16/08/2005) figura a renuncia do titular.

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que a extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares terán que abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.



Concello de Cangas

En atención ao anteriormente exposto proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia á concesión sobre o posto de carnicería nº 16 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, formulada por J.G.C. e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto Cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a baixa de posto na Praza de Abastos Municipal.

C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/BAIXA DE POSTO NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Dase conta de proposta de data 21.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a baixa de posto na Praza de Abastos Municipal, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por escrito con rexistro de entrada nº 16635 do 05.12.2016 M.A.A.B. solicitou a baixa do posto de carnicería nº 23 do Mercado Municipal de Abastos.

Visto que entre as causas de finalización previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16.08.2005) figura a renuncia do titular.

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que a extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares terán que abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.

En atención ao anteriormente exposto proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia á concesión sobre o posto de carnicería nº 23 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, formulada por M.A.A.B. e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, referente a baixa de posto na Praza de Abastos Municipal.

D) EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 24.479.- MODIFICACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL Nº 23.807

EXPEDIENTE Nº 24.479.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.807.- A A.G.P., con enderezo en rúa Vilaboa, nº 15-2º-Cangas, modifícaselle a referida licenza para construción de unha vivenda unifamiliar sita no Viso-O Hío, parcela 3-Cangas, para reformar a planta semisoto en 113,16 m²., outros tantos en planta baixa e 24,00 m²., de piscina, de conformidade co proxecto de reformado de básico e execución elaborado polo arquitecto J.D.I., visado en data 25.10.2016, cuxo presuposto ascende a cento doce mil douscentos dezaseis euros con setenta céntimos (112.216,70 €) e condicións impostas pola Deputación Provincial e Consellería de Infraestruturas e Vivenda de datas 12 de decembro de 2016 e 6 de outubro de 2016.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente